



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso de servidumes e limitacións sectoriais

**CONVOCATORIA:** Curso de servidumes e limitacións sectoriais

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Réxime xurídico e xestión das entidades locais

|                         |                   |                   |           |                  |      |
|-------------------------|-------------------|-------------------|-----------|------------------|------|
| <b>CUALIFICACIÓN:</b>   | APROVEITAMENTO    | <b>PLAN:</b>      | CONVENIO  | <b>HORAS:</b>    | 40   |
| <b>ADMINISTRACIÓN:</b>  | AU LO UN ES CI XU | <b>ESTADO:</b>    | CONVOCADO | <b>ANO:</b>      | 2019 |
| <b>MOD.IMPARTICIÓN:</b> | PRESENCIAL        | <b>TIPOLOXÍA:</b> | XERAL     | <b>EDICIÓNS:</b> | 3    |

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo deste curso é que o alumnado poida adquirir os coñecementos necesarios en relación coa normativa que regula as diferentes afeccións sectoriais e os seus procedementos de tramitación, as interaccións entre elas e a súa compatibilidade co planeamento. As exposicións teóricas complementaríanse con diferentes exemplos prácticos de aplicación real dos aspectos estudados.

### DESTINATARIOS

O curso está dirixido aos seguintes grupos de persoas destinatarias:

1. Persoal empregado público das administracións públicas galegas dos subgrupos A1 ou A2 e persoal laboral dos grupos I ou II.
2. Arquitectos/as interesados/as en ampliar os seus coñecementos cunha formación especializada no campo do urbanismo ou profesionais en exercicio do ámbito urbanístico que necesitan actualizar os seus coñecementos en xestión urbanística.
3. Profesionais que estean en posesión do título de Técnico Superior de Urbanismo, que desexen especializarse no ámbito da disciplina urbanística e a intervención da Administración.

### PROGRAMA

O curso está estruturado en dous bloques temáticos:

Parte I. Contidos teóricos.

Desenvolverase ao longo das tres primeiras xornadas do curso, nas cales se expoñerán os aspectos fundamentais relacionados coa normativa e esixencias derivadas das diferentes afeccións sectoriais.

Os contidos teóricos expostos nas sesións presenciais do curso complementaríanse co apoio dunha plataforma online onde se poñerá a disposición do alumnado a documentación correspondente ás devanditas sesións e outros materiais didácticos adicionais.

Neste bloque trataranse os seguintes temas:

- Dominio público e servidumes. As limitacións e afeccións en solo rústico. O Plan Básico Autonómico.
- Normativa sectorial de agricultura, tratamento de residuos e servidumes no ámbito agrario.
- Normativa sectorial de afección a portos.
- Servidumes e limitacións derivadas da normativa de augas.
- A protección e conservación do patrimonio cultural. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- O réxime de protección do Camiño de Santiago.
- Dominio público e servidumes na lexislación de costas e a súa influencia nas construcións.
- O plan de ordenación do litoral.

- Afeccións sectoriais de ambiente.
- Espazos naturais e paisaxe.
- O réxime xurídico e as servidumes de vías públicas: Estradas, ferrocarrís.
- Establecementos comerciais.
- Réxime regulador de infraestruturas eléctricas. Servidumes e limitacións de dominio.
- Policía mortuoria e sanidade.
- Normativa reguladora de montes e incendios.
- Réxime xurídico de vivendas en solo rústico.
- Normativa sectorial de instalacións aeronáuticas.

#### Parte II. Mesa redonda

Como complemento aos contidos teóricos impartidos, a última tarde do curso destinarase integramente á resolución de cuestións expostas polo alumnado, nun formato de mesa redonda onde o profesorado responderá as preguntas formuladas. Ademais das preguntas que queiran formular nesta sesión, ao longo do curso, os alumnos e alumnas poderán ir trasladando a través da plataforma de formación do curso calquera cuestión ou dúbida que lles interese incorporar á devandita sesión.

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas (25 en cada edición, un total de 75 prazas) estarán reservadas para o persoal empregado público das administracións públicas galegas dos subgrupos A1 ou A2 e persoal laboral dos grupos I ou II. As prazas reservadas ao persoal empregado público que non sexan cubertas unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes poderán ser ocupadas polo resto de persoas destinatarias. O número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación das solicitudes.

#### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición cubrindo o formulario que para este efecto figurará no apartado de formación da páxina web do COAG ([www.coag.es/formacion/](http://www.coag.es/formacion/)), na sección deste curso, acreditando a documentación requirida e especificada no devandito sitio.

O importe da matrícula, que deberá aboarse ao COAG, deberá formalizarse de acordo ás instrucións e medios de pago que figuran na plataforma de matriculación do COAG ([www.coag.es/formacion](http://www.coag.es/formacion)).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### 1VIGO

**LOCALIDADE:** VIGO

**INICIO / FIN:** 13/05/2019 a 10/06/2019

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.  
Doutor Cadaval, 5.  
Vigo

## 2ACORUÑA

**LOCALIDADE:** ACORUÑA **INICIO / FIN:** 14/05/2019 a 11/06/2019

**NUM. PRAZAS:** 50 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

### LUGAR DE REALIZACIÓN

Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.  
Federico Tapia, 64. A Coruña

## 3SANTIAGO

**LOCALIDADE:** SANTIAGO **INICIO / FIN:** 15/05/2019 a 20/06/2019

**NUM. PRAZAS:** 50 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

### LUGAR DE REALIZACIÓN

Sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.  
Praza da Quintana, 1; aula de formación.  
Santiago de Compostela